



XUNTA
DE GALICIA



fundación cidade
da cultura de galicia

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A ITINERANCIA DA EXPOSICIÓN TEMPORAL “GALICIA, DE NÓS A NÓS”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 4 de febreiro de 2021 coa DEPUTACIÓN DE OURENSE o instrumento convencional arriba referido por unha duración necesaria para a itinerancia da exposición temporal “Galicia de nós a nós”.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre a Fundación e a Deputación, para que a exposición “Galicia, de NÓS a Nós” itinere ao Centro Cultural Marcos Valcárcel da Deputación Ourense unha vez se clausure a mesma no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia o 17 de xaneiro de 2021, para a súa exhibición pública do 18 de febreiro e o 18 de abril de 2021.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución promove aquelas actuacións que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da cultura galega, e a formación dunha comunidade artística





XUNTA
DE GALICIA



fundación cidade
da cultura de galicia

galicia

vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.
- c) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

Neste contexto, a Fundación organizou a exposición “Galicia, de NÓS a Nós” que tivo lugar no Museo Centro Gaiás, da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela, e ten prevista a súa inauguración o 2 de outubro de 2020 e a súa clausura o 17 de xaneiro de 2021.

O primeiro número da revista Nós viu a luz o 30 de outubro de 1920. A conmemoración en 2020 do seu centenario ofrece unha oportunidade clave de servir como elemento que aglutine e reforce unha personalidade galega actual propia, ilustrada, universalista, aberta ás correntes de pensamento mundiais, como foi a emanada daquela iniciativa editorial nos anos vinte e trinta. Este é o espírito co que nace este proxecto expositivo-localizado temporalmente entre a mostra Galicia, un relato no mundo, e o arranque do ano Xacobeo 2021— que pretende dar a coñecer non so unha revista, senón tamén unha





XUNTA
DE GALICIA



fundación cidade
da cultura de galicia

galicia

xeración e unha intención clara e decidida polo fomento da cultura galega dende un punto de vista internacional e conectado coa realidade galega, converténdose esta iniciativa multifacética nun dos referentes imprescindibles da cultura galega do século XX.

Pola súa parte, a DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE foi creada como institución pública que presta servizos directos aos cidadáns e presta apoio técnico, económico e tecnolóxico aos concellos da provincia de Ourense. No eido cultural, a Deputación promove e fomenta toda clase de actividades que permitan coñecer o patrimonio cultural e artístico da provincia, poñendo en valor aqueles proxectos que favorezan a promoción cultural e artístico ourensá.

Neste sentido, a Deputación levará a cabo durante este ano 2021, un completo programa de actividades para conmemorar o centenario da publicación do primeiro número da revista Nós (30 de outubro de 1920), moi vinculada a Ourense por canto a sede orixinal da Editorial Nós, estaba situada no domicilio dun ourensá universal; o ilustre escritor, político i ensaísta, Vicente Risco. Esta cidade está moi vencellada á revista Nós, por canto os primeiros quince números da mesma foron publicados nesta cidade; pero aínda despois de trasladar a impresión a outras cidades, os promotores desta iniciativa, seguiron a ter contacto con autores da zona e colaboraron estreitamente con entidades culturais da cidade.

Así mesmo, o Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense, polas súas características é o contenedor cultural idóneo para que a exposición “Galicia, de NÓS a Nós” se exhiba en Ourense; situado na rúa Progreso, este centro dispón de tres salas expositivas e é titularidade da Deputación de Ourense, o que motiva a sinatura do presente convenio con esta entidade. As dúas principais salas de exposicións, Sala 1 e Sala 2, situadas respectivamente na planta baixa e na primeira planta, constan ambas dunha superficie





XUNTA
DE GALICIA



fundación cidade
da cultura de galicia

galicia

de 400 m² e dispoñen dos medios técnicos precisos para albergar pezas con características de préstamo complexas.

Polo anterior, a Fundación e a Deputación, no convencemento da relevancia deste fito histórico, entenden necesario a difusión da conmemoración desta efeméride, para o que conveñen en acordar a itinerancia da exposición temporal “Galicia, de NÓS a Nós” á Ourense, unha vez se clausure a mesma no Museo Centro Gaiás (Cidade da Cultura de Galicia) o 17 de xaneiro de 2021.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

